

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA QUINCE DE DECEMBRO DE 2008, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D <sup>a</sup> : MARGARITA DEVEESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D <sup>a</sup> : M <sup>a</sup> . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D <sup>a</sup> . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as dez horas e corenta minutos do día quince de decembro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

PUNTO ÚNICO: Medidas a adoptar polo Concello en relación os problemas que están a afectar ós veciños da Comunidade de Propietarios do Complexo Inmobiliario de Vivendas unifamiliares de Xián en San Andrés de Trobe, e , en concreto, ós relativos ó saneamento, deterioro do muro que contén os terreos das vivendas, e abastecemento de auga

O Sr. Martínez Carrillo do PP expón que é sobradamente coñecida a problemática que están a sufrir unha serie de veciños de Xián -Trobe nas súas vivendas, existindo tres problemas: saneamento deficiente; a inseguridade polo estado do deterioro do muro que contén os terreos das vivendas lindante cun vial público e o abastecemento de auga que non está garantido. Di que o concello ten que adoptar medidas porque, sen entrar a discutir se existe ou non responsabilidade xurídica do concello, que él cree que o concello si ten reponsabilidade subsidiaria , si existe unha responsabilidade política, moral e sobre todos cos veciños para facer todo o posible para resolverlle os seus problemas, máxime neste caso cando o concello lle concedeu licenza de primeira ocupación para oito vivendas.

En canto ó muro de contención di que xa existía previamente á realización da segregación da parcela, ou polo menos na súa meirande parte, e que o concello

tiña que saber que ese muro non estaba preparado para soportar a presión actual: recheos e movemento de terras, doce vivendas construídas, ..etc e in situ pódese comprobar que en determinadas zonas está apuntalado para evitar a súa caída sobre da vía pública, máxime cando no expediente figura un informe dos servizos técnicos municipais de data 01/12/06 que di expresamente que "o muro de contención atópase en mal estado, polo que se debe reconstruír ou reforzar para evitar que poida caer e ser construído de novo coas aliñacións pertinentes" e cos arranxos das últimas semanas non se solucionou o problema existente, sen olvidar o problema de seguridade pública ó lindar cunha vía pública municipal.

Neste primeiro problema o concello ten a responsabilidade de esixirlle á promotora que faga a rehabilitación que lle corresponda ó muro, que lle dea unha funcionalidade, consistencia e seguridade correcta, e que sexan os servizos técnicos municipais os que a supervisen e que tanto a empresa encargada da obra coma o concello garantan por escrito a citada funcionalidade, consistencia e seguridade.


Polo que respecta ó abastecemento de auga segundo se puido comprobar no expediente existe licenza para dous pozos e que só funciona un que en calquera momento no dá abastecido as doce vivendas, propoñendo o PP a súa solución coa elaboración dun proxecto a incluír no Fondo de inversión local do estado, co que non só se solucionaría o problema a estes veciños senón a meirande dos da parroquia de Trobe.

Con respecto á fosa séptica-depuradora di que neste problema si o concello ten responsabilidade ó concederlle unha licenza de primeira ocupación sen axustarse á proxectada, e que o concello debe esixirlle á promotora das vivendas e o concello garantir que se faga nun prazo máximo de dous meses unha solución o grave problema e o correcto funcionamento da fosa, manifestando que non lle parece mala idea a proposta polo Sr. Alcalde, segundo os veciños afectados, de cederlle a mesma ó concello.

Intervén dona Xosefina R. Guitián do BNG e di que evidente que son tres os problemas graves que coñecen todos, porque os veciños así llo fixeron saber nas últimas sesións plenarias e nas oficinas de urbanismo hai información suficiente para ter datos que indican que o concello dende logo, ten bastante que facer, como mínimo, no que é responsabilidade de velar polo cumprimento estricto da legalidade urbanística e das condicións mínimas de hixiène e habitabilidade naquelas promocións novas para as que se concedeu licenza de obras e de primeira ocupación nalgún caso.

Expón tamén que hai doce licenzas de vivendas, ó seu entender absolutamente incorrectas, pois en cada un dos proxectos de vivendas se fala de abastecemento e saneamento e non se fai referencia a como se van a dispor deses servizos, e que en todo caso que é evidente que se trata dunha promoción de doce vivendas, que o abastecemento é conxunto e que o saneamento nas mesmas non se presta con fosa séptica senón con unha depuradora que non se adecúa ó proxecto orixinal nin ó proxecto presentado pola promotora en Augas de Galicia, polo tanto o concello ten que esixirlle á promotora e non ós propietarios, que adecúe o existente á legalidade vixente para cumprir as normas de hixiène e habitabilidade esixibles para protexer tanto ós veciños das vivendas como os veciños da aldea de abaixo, que se poden ver afectados polos verquidos de augas impuras, como a saúde pública deste concello

Polo que respecta ó abastecemento de auga ó mesmo, o concello debe esixirlle á promotora unha solución que garanta o abastecemento correcto das do-



ce vivendas, debendo os técnicos municipais facer un informe de se un só pozo é suficiente para abastecer as doce vivendas

En canto ós valos de contención di que como ben dixo o voceiro do PP, o valo existía antes como valo de mampostería, e pola responsabilidade do concello en canto á seguridade pública, deben os servizos técnicos municipais informar sobre da situación do mesmo e certificar, se poden, que non existe risco de derrubamento; de non ser así o concello ten que esixirlle á promotora que subsane o problema.

Por último di que a proposta do BNG é reclamarlle á empresa promotora, cos informes técnicos municipais, a subsanación destes problemas, e mentres tanto, pola responsabilidade subsidiaria do concello debería facerse cargo do vaciado da depuradora e tratar de repercutirlle os custos á promotora, negándose a vincular a solución deste problema ó Fondo de Investimentos Locais, porque por salvarlle as castañas a unha empresa privada non vai priorizar este proxecto sobre doutros.

O Sr. Alvela de TEGA di que os tres graves problemas das vivendas xa foron expostos polos dous voceiros da oposición e que polo tanto só cabe afondar nas medidas, proponendo a creación dunha comisión técnica composta por un técnico designado pola promotora, o arquitecto municipal, un representante do concello e incluso un designado pola comunidade de propietarios, e informados todos os grupos políticos tomar as decisións oportunas para solucionar os problemas poñéndolle data e que, en calquera caso, a promotora terá que asumir eses gastos que poidan xurdir no arranxo dos mesmos.


Intervén a Presidencia e agradécelle ós partidos políticos a moderación demostrada nesta sesión.

Di que despois da celebración do pleno o grupo de goberno púxose en contacto coa promotora Vengalicia e que lle comunicaron que estaban a arranxar os defectos da propia urbanización: o muro, a fosa séptica e o abastecemento de augas á mesma

De seguido e para coñecemento do pleno procede á lectura dun comunicado enviado por dona Estela Mouriño a través do despacho de avogados Conde y Esparis facendo aclaracións con respecto ó publicado polo xornal El Correo Gallego con data 22/11/2008, concretamente fai referencia a que non é certo que o documento do Complexo Inmobiliario Privado estea impugnado por falsificación de sinaturas, senón que está sendo obxecto dun proceso xudicial particular entre un dos veciños e a promotora Vengalicia; que non consideran sospechosa a abstención do Sr. Alvela de Tega, se ben o seu voto favorable houbera provocado avances na resposta do Sr. Alcalde, ó tempo que comunica que a promotora está asumindo a solución dos problemas e ante a falta de medios dos veciños reiteran que o concello poña á súa disposición os servizos técnicos para revisar as obras

Dá conta asimesmo dun informe pericial encargado pola promotora ó enxeñeiro don Arturo A. Carrasco Iturra sobre do funcionamento do sistema depurativo da comunidade de veciños, e no que se fai constar a existencia de diferentes prenda de vestir na reixa de desbaste e un exceso de augas residuais no pozo de infiltración.

Tamén procede á lectura dun informe do despacho de avogados Curros & Asociados sobre dos problemas das vivendas, facendo constar que en canto ó muro as obras de reparación xa foron iniciadas e que rematarán a vindeira semana e polo que respecta á legalización en Augas de Galicia de todas as instalacións existentes que non se puido rematar a tramitación porque algún dos propietarios executaron piscinas sen a modificación do proxecto tramitado en Augas de Galicia



A continuación por parte do Sr. Secretario procédese á lectura do informe dos servizos xurídicos municipais, do que se desprende que a actuación municipal na concesión de licenzas de primeira ocupación foi axustada a dereito, que en canto ós problemas derivados dun defectuoso funcionamento dos servizos de saneamento de augas residuais o concello non ten ningunha reponsabilidade en tanto afectan á relación xurídico-privada existente entre promotora e compradores e que o concello debería absterse de realizar calquera actuación para subsanar deficiencias que son responsabilidade do promotor ou propietarios das vivendas, na medida en que estaría destinando fondos públicos para fins privados, e polo que respecta ó muro de contención a obra axústase á licenza concedida e o concello só podería actuar no suposto de que ameazase ruína

Por último a Presidencia di que tendo en conta os citados informes, a información dos veciños, e a comunicación de que a empresa está arranxando os defectos, hai que esperar a que rematen estas para comprobar que quedan en condicións axeitadas

Dona Xosefina R. Guitián expón que independentemente de que a empresa estea a solucionar os problemas xurdidos nas vivendas, ten que existir un requirimento claro por parte dos servizos técnicos urbanísticos municipais e que , en calquera caso, que debería poñerse unha data límite para a solución dos problemas

O Sr. Alveta di que na comisión técnica á que fixo referencia estarían representados todas as partes implicadas

O Sr. Martínez Carrillo fai unhas matizacións sobre dos informes ós que fixo alusión o Sr. Alcalde, ó ser encargados pola propia promotora, e que él tampouco di que as obras as faga o concello, senón que lle esixa á promotora a resolución dos problemas, poñendo un prazo de dous meses para iso e a supervisión das mesmas por parte dos técnicos municipais, e mentres tanto que , como noutros casos, o concello se faga cargo do vaciado da fosa séptica

O Sr. Alcalde para rematar a sesión di que a promotora se vai facer cargo dos arranxos necesarios, e que así como a representante dos veciños enviou unha rectificación respecto das súas manifestacións segundo o publicado no xornal o 22/11/2008, bota de menos a rectificación do Sr. Carrillo nos mesmos términos, senón o concello terá que pasarlle o asunto á Fiscalía.

O Sr. Carrillo di que queda sobre da mesma a proposta feita, segundo os veciños, polo Sr. Alcalde de cederlle a parcela onde está ubicada a depuradora ó concello.

En canto ó sinalado polo Sr. Alcalde di que, dende logo, non vai en contra das actuacións da Secretaria da Comunidade de Veciños , polo tanto quedan rectificadas as súas palabras nese sentido, e que en todo caso, se vai preocupar persoalmente de averiguar e trasladarlle toda a información á Alcaldía.

E non sendo outro o motivo da sesión pola Presidencia levántase a mesma, sendo as once horas e trinta e cinco minutos

